nomía de Galicia, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime de fundación de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, o Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en virtude do Decreto 280/2003, do 17 de xuño, que modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como a demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación,

*DISPOÑO:*

Primeiro.-Recoñecer a declarar de interese galego a *Fundación Amigos de la Barrera*.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Terceiro.-Aprobar os seus estatutos e a composición do seu órgano de goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación citada, en especial á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, quedando obrigada a dar contas anualmente ao protectorado e a xustificar a través dunha memoria anual o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentar o proxecto de orzamento con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula, debendo solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2004.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude,
Deporte e Voluntariado

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Decreto 179/2004, do 7 de xullo, polo que se modifica o artigo 75 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio.*

A Constitución española, no seu artigo 45, recoñece o dereito dos españois a desfrutar dun medio axeitado para o desenvolvemento das persoas, así como o deber de conservalo e de velar polo emprego racional de todos os recursos naturais, deber que deben respectar tanto os cidadáns como os poderes públicos co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio, apoiándose para iso na indispensable solidariedade colectiva.

Dando cumprimento ao mandato constitucional, o 5 de agosto de 1992 publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia, que, segundo recolle na súa exposición de motivos, contempla os diversos aproveitamentos dos que poden ser obxecto as augas, compatibilizando os usos, sistemas de explotación e posibles concesións dos que poidan ser obxecto, destacando principalmente a innovación de incluír no seu articulado a figura das concesións que tentan estimular unha nova forma de riqueza.

Co obxectivo de garantir unha efectiva protección dos ecosistemas fluviais, compatible cos diversos usos dos recursos hídricos e respectuoso coas competencias doutras administracións, a Lei de pesca fluvial introduce conceptos coma o caudal ecolóxico, a alteración da condición natural das augas, os dispositivos de interdición da fauna ou as masas de auga de especial interese para a riqueza piscícola.

Coa finalidade de afondar naquelas cuestións nas que a lei tan só introduce criterios xerais, apróbase o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

Transcorridos máis de seis anos desde a publicación do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, constátase a necesidade de reforzar, no proceso de explotacións dos aproveitamentos hidráulicos, as medidas xa existentes en termos de seguridade, na constante procura dunhas taxas de variación de caudais compatibles coa seguridade dos cidadáns e co seu dereito ao desfrute do medio.

Partindo do anterior, procédese a concretar a localización dos carteis permanentes de aviso, así como a existencia de regretas fixas na canle do río que sinalen os niveis de vadeo seguro, transición cara á zona de perigo e zona de perigo. Prohíbese nesta última o exercicio da pesca ou calquera outra actividade, sen autorización expresa, nas zonas emerxidas da canle do río sen conexión permanente coas marxes deste. Así mesmo, regúlase o funcionamento

e localización dos sinais luminosos e acústicos e introdúcese a obrigatoriedade de presentar un plan de seguridade para as persoas fronte á apertura ou peche de comportas, sendo o concesionario o responsable do seu cumprimento.

Na súa virtude, no uso das atribucións concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xullo de dous mil catro,

*DISPOÑO:*

Artigo único.

Modifícase o artigo 75 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, dando unha nova redacción ao parágrafo 2 e engadindo un parágrafo 3, que quedan redactados como segue:

«2. Na zona de influencia de caída de presas, encoros e demais aproveitamentos hidráulicos, nos que se liberen caudais que pola súa magnitude supoñan un perigo para as persoas, o concesionario deberá instalar sinais acústicos ou luminosos que advirtan suficentemente sobre a apertura inminente das comportas e o incremento de caudais.

No resto da canle do río ata a desembocadura, que poderá ser no mar, noutro río ou nun encoro, colocaranse carteis permanentes de aviso, situados en puntos estratéxicos de paso obrigado ou de especial afluencia de persoas. Estes carteis advertirán das variacións de caudais, reforzados nas zonas de vadeo pola existencia de regretas fixas na canle do río que sinalen os niveis de vadeo seguro (franxa de cor verde), transición cara á zona de perigo (franxa de cor amarelo) e zona de perigo (franxa de cor vermello).

Ao longo desta última zona queda terminantemente prohibido pescar ou realizar calquera outra actividade, sen autorización expresa, nas zonas emerxidas da canle do río que non teñan conexión terrestre permanente coas marxes accesibles deste.

A localización e características dos sinais serán regulados polos organismos competentes. Na localización dos sinais deberán considerarse condicionantes técnicos, ambientais e sociais. Os sinais acústicos só deberán operar durante o día e os sinais luminosos poderán operar en todo momento. Nas proximidades de vías de circulación deberá considerarse unha sinalización vial axeitada, que advirta aos condutores da causa do ruído e luz producidos.

Para os efectos anteriores, entenderase por zona de influencia de caída de presas, encoros e demais aproveitamentos hidráulicos a zona comprendida nun quilómetro de distancia augas abaixo do punto onde se produce a vertedura ou a restitución da auga.

3. Na tramitación de proxectos de aproveitamentos hidraúlicos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será preceptivo presentar, ademais da documentación establecida pola súa normativa específica, un plan de seguridade, compatible cos respectivos plans hidrolóxicos, para as persoas fronte á apertura e peche de comportas, que, ademais de garantir o cumprimento do previsto neste regulamento, estableza as medidas complementarias que se consideren axeitadas para cada caso concreto. O concesionario será responsable en todo caso, tanto do contido do plan como do seu cumprimento. Os contidos deste plan de seguridade poderán determinar non só unhas taxas de variación de caudais diferentes ás sinaladas no punto 1 deste artigo, axeitadas ás condicións específicas do río en cuestión, senón tamén a situación concreta dos sinais acústicos e luminosos.

Os concesionarios de aproveitamentos hidráulicos actualmente existentes deberán presentar o plan de seguridade nun prazo de 12 meses, adaptando con posterioridade as taxas de variación de caudais concedidos e o establecemento dos sinais acústicos e luminosos ás resultas deste plan».

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

*Orde do 29 de xullo de 2004 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada polos traballadores de empresas auxiliares do complexo medioambiental de Cerceda, que comezará o vindeiro día 31 de xullo de 2004 e se estenderá desde a dita data ata o 21 de agosto de 2004, ambos os dous inclusive.*

O artigo 28.2º da Constitución española recoñece como dereito fundamental da persoa o dereito á folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñocida e inaprazable necesidade no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionada ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, polo que que ditan normas para garantir a